

DETERMINACIÓN DO GRADO DE HIDRATAÇÃO DO SULFATO DE COBRE (II)

OBXECTIVO: determinar cuantitativamente a proporción de auga que hai no sulfato de cobre (II) hidratado e poñer de manifesto o cambio de color que experimenta este sal cando se deshidrata.

MATERIAL: cápsula de porcelana, varíña axitadora, espátula, balanza, placa calefactora, sulfato de cobre (II) comercial (hidratado), cristalizador

PROCEDEMENTO :

Pesa a cápsula de porcelana baleira, anota este peso, tara e engádelle 10,0 g de sulfato de cobre (II) comercial.

Pon a secar este produto sobre a placa calefactora, axitando coa varíña, ata que todo se transforme nun po branco.

Déixao arrefriar, pesando a continuación.

Restando o peso da cápsula obtés o peso do sulfato de cobre deshidratado e podes calcular a cantidade de auga que perdeu o composto (auga de hidratación).

Disolve en auga o po branco e deixa cristalizar para recuperar o produto inicial.

CUESTIÓNS:

-Determina o grado de hidratación do composto

-¿Produciuse unha reacción química?.

-¿Que cambios de color se produciron?. ¿Cal é a súa causa?.

COMPROBACIÓN DA LEI DE LAVOISIER

OBXECTIVO: comprobar que a masa se conserva nas reaccións químicas

MATERIAL: dous tubos de ensaio, disolucións de ioduro de potasio e de nitrato de chumbo (II)

PROCEDEMENTO:

-Bota aproximadamente 4 ml de disolución de ioduro de potasio nun tubo de ensaio.

-Répita a operación coa disolución de nitrato de chumbo.

-Pésaos nunha balanza e anota o resultado. $m =$

-Mestura as dúas disolucións con coidado de que non se derrame o contido.

-Volve a pesar unha vez feita a reacción (non te esquezas de pesar tamén o tubo baleiro) $m' =$

CUESTIÓNS:

-Escribe a reacción química que tivo lugar.

-¿Cúmprese a lei de Lavoisier?.

-¿A que se debe a cor amarela do precipitado?.